



ROGO PARA COMPLETAR A DOTACIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO EXPRÉS NAS PROXIMIDADES DAS ESCOLAS INFANTÍS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No termo municipal de Santiago, ademais doutros centros dependentes de entidades privadas de iniciativa social, existen nove escolas infantís públicas destinadas a nenos e nenas ata os tres anos, das que tres son de competencia municipal e seis están xestionadas pola Xunta de Galicia.

Na totalidade das escolas de competencia municipal existen nas súas inmediacións espazos reservados para o aparcamento, aínda que nunha delas –a de Meixonfrío- non se determina no sinal o límite de tempo do seu uso. No caso das de xestión autonómica, as de As Fontiñas e o Polígono do Tambre contan con amplos espazos sinalizados nas rúas Londres e das Mulas, respectivamente, mentres que a de Vite, a pesar de dispoñer dunha pequena explanada ante o seu acceso, carece de sinalización.

Un caso singular é o da escola de Santa Susana, que está a piques de rematar as súas obras e na que se prevé iniciar a actividade este mesmo ano, que precisaría dunha superficie acoutada na zona viaria máis próxima, que podería ser nas escaleiras de acceso á Alameda no contorno da igrexa do Pilar.. E tamén sería necesario contemplar esa posibilidade nas escolas infantís de San Roque ou na nova do Castiñeiriño, construída coa colaboración da Fundación Amancio Ortega.

En definitiva, trátase de que no inicio do novo curso a totalidade das escolas infantís públicas do noso Concello dispoñan de lugares cómodos e seguros, cun horario limitado para cada vehículo aínda que continuado no día conforme á demanda, para deixar e recoller a nenos e nenas que teñan que acceder en coche a estes centros.

En consonancia con anterior, o Grupo Municipal Popular presente ao Pleno o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano municipal se proceda a completar a reserva de espazos destinados a facilitar o transporte diario de pais e nais que levan as súas crianzas ás escolas infantís ou, no caso de que conten con esta reserva, que esta se sinalice axeitadamente –cun límite de tempo estimado de 10 minutos, que sería suficiente para o fin perseguido- para evitar o aparcamento de vehículos alleos á actividade escolar.

Santiago de Compostela, a 10 de setembro de 2018

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.